

COMUNICADO DE CONFAPA-GALICIA

CONFAPA GALICIA ten rexeitado desde a súa publicación o Decreto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que ditou as instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de 3º curso de Educación Primaria. CONFAPA GALICIA manifesta a súa oposición á devandita proba, entendendo que:

- 1.- A proba de avaliación é practicamente a mesma co ano pasado, na que xa manifestamos a nosa oposición. As razóns que nos levaron a rexeitar a proba seguen a ser completamente válidas.
 - 2.- Mentres as restantes probas pasaron a ser de carácter estatístico, por mostraxe, a de 3º de primaria ten carácter censual, é dicir, avalía á totalidade do alumnado.
 - 3.- Esta avaliación pódese ter en conta para repetir curso. Así o establece a LOMCE no seu articulado, lei que segue en vigor.
 - 4.- Avalía unicamente as competencias de lingua e matemáticas.
 - 5.- Clasifica ao alumnado desde idades temperás.
 - 6.- Non se adapta ao alumnado con necesidades educativas especiais ou con altas capacidades.
 - 7.- Fomenta a competencia entre os centros e a súa estigmatización sen tomar en conta circunstancias locais compensatorias da avaliación.
 - 8.- Desautoriza ao profesorado e ao sistema de avaliación continua.
 - 9.- A proba xa amosou o seu nulo valor nestes anos que leva en vigor. Sendo CONFAPA-GALICIA unha organización implantada no conxunto da Comunidade Autónoma, non coñecemos ningún caso de medidas adoptadas nun Centro de Ensino como consecuencia da proba de avaliación.
- O valor neto da proba para os pais e nais do alumnado é simplemente insignificante; hai casos nos que as familias non chegaron a recibir o resultado das probas ate o seguinte curso.

Nun contexto político e social no que a LOMCE está nunha situación de provisionalidade e incertidume mentres non se acade un pacto educativo para establecer as bases dun sistema educativo compartido e defendido polo conxunto da sociedade, continuar desenvolvendo os aspectos máis daniños da LOMCE é unha declaración de intencións clara, que dende as familias que compoñemos a Comunidade Educativa dos Colexios Públicos de Galicia rexeitamos frontalmente.

Polo tanto, CONFAPA GALICIA esixe da Administración educativa a paralización e a retirada da devandita proba e invita a toda a Comunidade Educativa a opoñerse activamente ao seu desenvolvemento.

Xunta Directiva
CONFAPA GALICIA
Maio de 2018.